

MESTRA CON ALMA



MARÍA VICTORIA MORENO
1



Alma foi o nome que me puxo a miña dona, María Victoria Moreno Márquez. Ela naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) en 1939, pouco despois de rematar a Guerra Civil.

Estudou o bacharelato en Barcelona e Filoloxía Románica en Madrid. Sendo moi nova, chegou a Pontevedra para traballar como profesora nun instituto.

PARA VÓS, RAPAZADA



MARÍA VICTORIA MORENO

2



A miña dona foi alumna de Dámaso Alonso e de Rafael Lapesa, dúas persoas ás que admiraba moito. Gustáballe ler a Cervantes, Antoine de Saint-Exupéry, Pedrayo e Casares. As súas obras favoritas eran *O Quixote* e *O principión*.

Viaxou cara a Galicia e cara ao galego, fíxoo seu e transmitiullo con moita paixón á rapazada.

A PROL DA IGUALDADE



MARÍA VICTORIA MORENO

3



Nos anos setenta, impartiu cursos de galego organizados pola Sociedade Amigos da Cultura. En 1972, recibiu un premio da Asociación Cultural O Facho polo conto *Crarisca e o Luceiro*. Ao ano seguinte, publicou *Mar adiante*, unha das obras pioneiras da literatura infantil e xuvenil en galego. Tamén foi das primeiras en incluír nenas e mulleres como protagonistas, unha mostra da súa loita pola igualdade.

UNHA VIAXE EN COCHE



MARÍA VICTORIA MORENO
4



O seu libro preferido era *Leonardo e os fontaneiros*. Con el gañou o 3.º Premio O Barco de Vapor en 1985.

En 1988, publicou *Anagnórise*, a súa obra de maior éxito. Publicáronse vinte edicións dela en poucos anos e foi incluída na Listaxe de Honra do IBBY. En 1999, saíu á luz a novela xuvenil *Guedellas de seda e liño*, que foi recoñecida na Listaxe White Ravens en 2002.

AMOR Á GALEGA



MARÍA VICTORIA MORENO
5



María Victoria Moreno era unha namorada das linguas. Sabía francés, catalán, italiano, castelán, romanés e portugués. Era cacereña pero escolleu falar, escribir e vivir en galego.

Amaba Galicia e a cultura galega. Definía a súa relación coa nosa terra e coa nosa lingua como unha "historia de amor".

SOBRE TODO, MESTRA




MARÍA VICTORIA MORENO 6



Tiña unha gran vocación docente e gozaba exercendo a súa profesión. Dicía que o seu corazón florecía nas aulas.

Defendía un ensino diferente, baseado no xogo e na liberdade, no pracer da aprendizaxe e no afecto e respecto mutuos. Estaba convencida de que educar é ensinalles ás persoas a ser felices. Sabía poñerse na pel do seu alumnado e por iso gañou o seu agarimo e admiración.

AMOR AOS QUE DEIXAN PEGADA



MARÍA VICTORIA MORENO 7



Amaba a natureza e era defensora dos dereitos dos animais; por iso están tan presentes na maioría das súas obras: en *Mar adiante*, en *Leonardo e os fontaneiros*, en *A festa no faiado*...

¿E haberá tirón de orellas? ten como protagonista unha cadeliña chamada Alma que conversa cun pardal e *Eu conto, ti cantas...* reúne tres relatos de animais escritos en verso, titulados "¡Xa non teño medo!", "Can branco, can negro" e "¿Un cachiño de bica?".

UNHA PERSOA IMPRESCINDIBLE



MARÍA VICTORIA MORENO
8



Gustáballe pasear comigo polo parque, rodeada de nenas e nenos, e facer nacer neles a paixón pola lectura.

Era xenerosa e solidaria. Preocupábase polas persoas desfavorecidas e con problemas e sempre estaba disposta a axudalas.

Foi escritora, tradutora, libreira, editora e profesora pero, entre tantas ocupacións, tiña sempre tempo para a familia e as amizades.

DEIXOU UN GRAN LEGADO



MARÍA VICTORIA MORENO


9



En 2001, recibiu unha homenaxe na Feira do Libro de Pontevedra.

Arroupada polas súas amigas e polo seu antigo alumnado, decatouse con ledicia de que estaba vivo o seu legado, sen chegar a pensar que sería ela a cuarta muller á que se lle dedicaría o Día das Letras Galegas. Ata o de agora, só recibiran este recoñecemento Rosalía de Castro, Francisca Herrera e María Mariño.

XENEROSA ATA A FIN



MARÍA VICTORIA MORENO
10



Finou o 22 de novembro de 2005. Nun xesto de xenerosidade, dooulle a súa biblioteca ao IES Torrente Ballester, onde dera clase.

Aínda que viviu tempos difíciles, nunca perdeu o sorriso. O resumo da súa vida reflíctese nestas palabras da súa obra *Anagnórise*:

"As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos".